

SOTO, Luís G.: *Outros e novos queixumes: de filosofía e literatura en “Queixumes do Pinos” de Eduardo Pondal*, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela, 2019, 243p.

O interese e dedicación de Luís G. Soto, profesor de Filosofía Moral da Universidade de Santiago de Compostela, ao estudo, análise e interpretación da obra do poeta galego Eduardo Pondal (1835-1917), ten agasallado aos lectores con espléndidos capítulos en dous libros reveladores: *O espírito da letra. Nove achegas filosóficas a textos literarios*, Espiral Maior, A Coruña, 2008 (“A saudade como mensaxe”, “Escrita, abertura e inacabamento éticos”, “Eoas?”); *O labirinto da saudade*, Laiovento, Brión, 2012 (capítulos 14-18 dedicados ao poema “A campana d’Anllóns”). Esta nova achega, cuxo título fai fe da comunidade ético-política, de pasado e con futuro, que Soto axuda a enxergar, non só amplía, completa e matiza os estudos anteditos, senón, sobre todo, apunta unha dirección orixinal, innovadora, tamén construtiva e propositiva, radicalmente filosófica: ler, analizar, explicar e interpretar, para principiar, tamén proseguir, cursos de pensamento crítico e acción emancipadora.

En *Outros e novos queixumes*, Soto descubre o que no texto de Pondal ficou oculto durante máis de cen anos por causa de prexuízos, erros e lecturas apresuradas; mostra o que foi esquecido nos planos da lingua, expresión, contexto, vontade de dicir e, tamén, apelar; crea as condicións para unha (re)lectura libre e rigorosa, experimental e colectiva, polo/a lector/a do século XXI. Se a (re)lectura dunha obra poética é unha proba de experiencia, Soto diseña un xogo de portas que dan acceso a outras portas. Isto é, compón un hiper-texto que conecta, desde calquera verso, e poema, catro instancias: autor, texto, lector/a, circunstancia. Deste modo, *Outros e*

*Recibido: 28/02/2020. Aceptado: 03/03/2020.*

*novos queixumes* amosa os referentes (forcluídos) dos versos de Pondal, á par que deita luz sobre os suxeitos (reprimidos, alleados) imantados por eles. Sempre coa mirada posta en redescubrir aos/ás lectores/as actuais un cristal de xeo que medra, imparabile, polas súas puntas: *Queixumes dos pinos*.

Na Introducción “Filosofía e literatura” (pp. 15-19) Soto declara unha dupla intención. A primeira, “empregar a filosofía como ferramenta para analizar e interpretar un texto literario, *Queixumes dos pinos* (QP) de Eduardo Pondal” (p. 15). Propón fornecer de significados diversos e referentes novos o poemario publicado na Coruña en 1886. A segunda intención é vindicar, no século XXI, a capacidade de QP para “proporcionar descubertas, remover e prover ideas, propiciar a contemplación, estimular a reflexión” (p. 15). Isto é, mostrar a súa actualidade como texto literario que suscita camiños de pensamento e tenta sentidos estéticos renovados. Para realizar esta dupla intención o método fica explícito con nidia claridade: “pór un tema, tomado da filosofía, explorar dito tema en QP, indagar e afondar nel valéndomonos da filosofía” (p. 16). Os temas escollidos son catro: sexo; divino e humano (a relixiosidade); saudade; Galiza. As exploracións salientan os significados e referentes que saen e irrompen de ler os poemas desde os catro temas anteditos. Desta maneira, o valor do pensamento, extraído de QP, entronca coa filosofía contemporánea e cosmovisión conterránea.

O capítulo 1 “Sexo, amor, xénero: outros queixumes” (pp. 21-58) é un estudo pormenorizado da complexidade das relacións e historias de sexo e/ou amor en QP. Na abordaxe desta temática, Soto comeza sinalando cinco dificultades ou obstáculos: o elo entre o visible e o invisible nos poemas (e, xa que logo, nas relacións entre persoas); a interacción entre a representación do real e a presenza do real (nos afectos dos suxeitos); a variedade dos contextos (dos poemas —o rural galego tradicional até 1886—, da emisión e recepción do libro —a cultura urbana galega en 1886 e en diante—); o autor (a súa cultura vivida —na Galiza rural, urbana—, a súa cultura letrada —médico de formación e profesión—); a interpretación xeral de QP (a pegada da realidade do poema —como obxecto estético, e como o real fóra do poema— no traballo do intérprete). Con estas precaucións hermenéuticas, Soto propón dous conceptos: unha secuencia na experiencia e nas accións; o encontro. O primeiro permite a comprensión das accións: desexo, encontro (acto, trato), lembranza (p. 25). Esta secuencia corresponde ao sexo central, heterosexual e adulto, mais, tamén, aos sinais doutras sexualidades (sexualidade infantil, xuvenil, autoerotismo, entre outras). O segundo, o “encontro”, admite diversas modalidades. Ademais, do encontro séguense

diversas formas de relación, posibilidades de actos e tratos sexuais, entre unha pluralidade de suxeitos. Deste modo, o autor extrae unha secuencia posible (en tres instancias) a partir do encontro inicial entre suxeitos: argumentación, deliberación, pasaxe ao acto (p. 27). Con estes modelos de enlace, e conceptos explicativos da acción nos suxeitos, Soto procede, na súa análise, a localizar e expoñer os pormenores en QP.

En primeiro lugar, nos encontros entre suxeitos, as argumentacións (pp. 28-41) son de dous tipos: discursivas e argumentos *ad baculum*. As discursivas teñen dúas variantes: a formulación do desexo erótico-amoroso; a formulación e xustificación do desexo erótico-amatorio (p. 31). En ambos os dous casos, a argumentación apunta a obter o consentimento da persoa amada. Porén, nos argumentos *ad baculum* a finalidade é a submisión psicolóxica e física: non convencer, senón dominar, explotar á persoa convertida en vítima. As fórmulas empregadas polo Marqués de Sade nas súas obras erótico-pornográficas (pp. 28-29), sumadas ao que Soto denomina “ateísmo metodolóxico” da ciencia e praxe médica (pp. 29-31), son de grande axuda na interpretación destas secuencias de acción. En segundo lugar, no relativo á deliberación (pp. 41-43), a recepción dos argumentos dá lugar a un exame e unha resposta diferidas do suxeito interpelado. Inclusive, meditadas en soidade. En terceiro lugar, a pasaxe ao acto (pp. 43-50) está condicionada polo tipo de argumentación empregada (erótica, naturalista, *ad baculum*). Encadra tres tipos de relacións sexuais: amorosas (ideais, reais, románticas); amatorias (marxinais, reprimidas, liberadas); violentas (abuso, agresión, violación). A modo de conclusión, Soto revisa o papel xeral da muller, e o xénero, en QP, tarefa na que “o primeiro é descartar o tópico de que, no libro, achamos unha perspectiva patriarcal e machista acerca do xénero” (p. 56). E, segundo, mostra, polo miúdo, como en QP hai varios subliñados na dirección antedita: os trazos femininos (dalgunhas figuras de varóns); a exemplaridade da muller (modelo de resistencia á adversidade e de orientación á emancipación); o papel de guías dalgunhas mulleres (no feito de erguer unha consciencia crítica e unha vontade propias da Galiza); o feminino como cultura e historia (fronte á violencia machista e patriarcal) (pp. 56-58).

O capítulo 2 “Divino, astral, humano” (pp. 59-106) analiza as figuras da relixión, as formas relixiosas, e a representación e presenza do orbe e a orde relixiosos en QP. As figuras da relixión pertencen ao catolicismo e cristianismo, e, tamén, á mitoloxía clásica grega e latina, ademais da tradición bíblica. Son figuras (e formas) como: Deus, demo, Luzbel, santos, Virxe, ceo e inferno, profetas, campás, oración.

As aparicións de Deus revelan un cosmos ateo, non un universo teísta (pp. 61-66). A súa ausencia séntese con máis forza que a súa presenza. A súa existencia non é cuestión central senón, máis ben, a súa falta. Soto escribe: “Sería un ateísmo, non onto-lóxico, metafísico, senón onto-ético, metodolóxico, práctico: Deus talvez é, mais non está” (p. 61). É preciso engadir que un elemento importante na configuración de Deus son as instancias que o expresan e nomean, na Galiza, sempre en castelán: igrexa e estado (p. 66). Pola súa parte, a figura do demo (pp. 66-69), vincúlase á sexualidade: “Exactamente, á concepción naturalista que entende o sexo e o amor como expresións da natureza que non deben ser contrariadas pola represión exercida polo propio suxeito (...), na realidade, a instancia, e presión, de institucións sociais, nomeadamente a relixión” (pp. 66-67). Luzbel (anxo rebelde, o luceiro) (pp. 69-78) aparece asociado á figura, persoa e obra, do bardo e os bardos. Tamén, ao luceiro, identificación que apunta á unha dupla redución: naturalista e antropolóxica. A análise polo miúdo da coincidencia de Luzbel, os bardos e o luceiro, finca nunha tarefa de emancipación: contribuír á mudanza social, política e cultural (na Galiza e na España de 1886) e, tamén, persoal (ética, do lector de calquera tempo histórico). En palabras do autor: “A empresa non consiste en combater a teoloxía política e moral; a loita reside en mostrar un posíbel desenvolvemento autónomo da política e a ética, sustentado na autonomía moral” (p. 78). O desprazamento do teolóxico e moral produce, directamente, un “apagón teolóxico” (p. 78). A figura da Virxe (pp. 79-84) analízase como espello, apoio, na súas funcións, e misións, de divindade, protección e consolo, que invitan, case sempre, á submisión. O entrecruzamento desta análise co estudo das virxes en QP revela a non-transcendencia destas e o seu papel de rememoración do pasado e no futuro. Dito outramente: de indicación da recuperación da vida colectiva e persoal (esmagada polo esquecemento alleante). O caso dos santos (pp. 85-88), figuras da relixión e a igrexa, é o inverso ao das virxes: manteñen o esquecemento da historia, das filiacións, dos lugares. A figura do ceo (pp. 88-90) estúdase na súa dupla aparición: firmamento e/ou transcendencia. Con respecto ás formas de mediación entre o natural e o sobrenatural (pp. 90-95), o autor desentraña tres: o rol dos profetas (denunciar a opresión e servir á liberación da Galiza); as campás (expresión do poder soberano español e/ou da igrexa); as oracións (que apuntan ao transcendente supersticioso e/ou escatolóxico). O estudo da figura da terra (pp. 95-98), vinculada á peregrinaxe do bardo, mostra os rostros voltos (ou invertidos) da transcendencia, isto é, da inmanencia que nada sabe da transcendencia: vagabundaxe (sen orixe e destino), nomadismo (sen asentamento

fixo), contra-tempo (presente continuo), canto (sen destinatario), morte (inscrición e enterramento nun sepulcro), esquecemento (na memoria, na historia). O estudo dos pormenores da alma (psique, principio de identidade, interioridade das persoas, lugar do íntimo eu) e o espírito (principio vital, memoria histórica dunha cultura alternativa) (pp. 98-104), poñen o remate á análise das figuras da relixiosidade.

No capítulo 3 “Saudade de ser, saudade sen fío, saudade sen fin” (pp. 107-166), Soto indaga, con amplitude, precisión e rigor conceptual requintados, as formas explícitas, e aparicións implícitas, da saudade en QP (tipoloxía, morfoloxía, modalidades, expresións). Nomeadamente catro: saudade da patria, saudade da existencia, do amor, da terra. Tamén somete a escrutinio os seus obxectos, suxeitos ao que afectan, e os variados entrecruzamentos entre ambas as dúas esferas (obxectiva, subxectiva).

A saudade da patria (pp. 109-132) percorre QP de principio a fin. Este tipo de saudade admite cinco variacións. Primeira, “saudades escuras” (dunha patria envolta, aínda, na escuridade) que revelan o pasado (recuperándoo para o presente), intensifican a lembranza (propondo unha rebelión), fan progresar a consciencia e a vontade (do suxeito saudoso) (pp. 110-115). Segunda, saudades como suspiros (por unha patria perdida) que asentan no individuo meditacións sobre o afastamento, sen sentido, desterro, esquecemento de si, non-memoria dos outros (pp. 115-120). Terceira, saudades como lembranzas (sen esperanza) que revelan a discontinuidade cos tempos antigos, paisaxes sen figuras (do pasado), ruptura da transmisión comunicativa entre xeracións (pp. 120-122). Cuarta, saudade como saudación e saúde, que é unha mudanza ideal mais, potencialmente, real, cuxo suxeito, e motor, “é a «raza» ou a «gente» de Breogán” (p. 123), envorcada na misión transformadora (auto-consciente, auto-organizadora) das comunidades ibero-americana, ibérica e galega (pp. 122-126). Quinta, saudade como liberdade e liberación, isto é, saudade de liberdade política e ética, expresada en ideais e propósitos de auto-consciencia, auto-organización e, agora ademais, auto-determinación, liberación (pp. 126-132).

A saudade da existencia (pp. 132-145) afecta ao suxeito-bardo e, tamén, a calquera outro suxeito sen o rol e/ou status dos cantores bárdicos. Esta saudade é multiforme, altamente complexa nas figuras da súa consciencia, vontade e acción. Na análise despregada por Soto sobrevoa un *esprit de finesse* filosófico-conceptual, un respecto filolóxico-hermenéutico ao texto, unha perspectiva ético-política, pouco comúns. Soto descubre, debulla e interpreta, varias direccións na saudade da existencia: saudades indefinidas, rexidas polo enigma e o xeroglífico (pp. 133-134); saudade do futuro, do

porvir, non dunha vida de si (imposible, por outra parte), senón da vida dos outros (pp. 134-137); saudade do nada, retorno ao non-consciente e non-volente, saudade de ser na natureza (que para o suxeito humano é ser nada) (pp. 137-139); saudade do ser (de recuperar, conservar e potenciar o ser) (pp. 139-140); saudade do pasado (pp. 140-141); saudade como melancolía causada pola incomunicación e insociabilidade, pola ausencia (real) e procura (imposible) de relacións comunicativas e comunitarias (pp. 142-145). Soto escribe: “A saudade implica unha consciencia, mais tamén unha vontade de soidade. A soidade experimentada non é apenas un mal: unha experiencia de insignificancia e insubstancialidade. Hai nela, na soidade, tamén ben: a experiencia salutífera da consciencia de si e a vontade de seu. É a partir destas e con estas, a consciencia e a vontade propias, que a saudade alumea unha consciencia e unha vontade de sociedade” (pp. 144-145).

A saudade do amor (pp. 145-153) cristaliza nunha dupla tipoloxía: saudade causada por unha afección amorosa (amor-afecto); saudade producida pola pulsión sexual (amor-sexo). Cabe salientar que a saudade erótico-amatoria apunta a un xénero de relacións ocasionais, accidentais, difíciles, inclusive cousificadoras ou, se non, pobres e clandestinas (pp. 145-149). A saudade amorosa, porén, fica acompañada por unha intensa lembranza, mais porta escasa esperanza (por causa, de novo, da precariedade da experiencia amorosa en xeral) (pp. 149-153). Xa que logo, a saudade do amor en QP tende a manifestar suxeitos quebrados e, tamén, subxectividades que viven en segredo. A represión exercida pola institución familiar sobre a sexualidade en xeral, obstaculiza os encontros e afasta do visible, do público, as relacións de amor e a secuencia de accións posibles sobre a que poden xirar.

Na saudade da terra (pp. 153-164) o obxecto lembrado, desexado, é a terra. A saudade da terra desencadéase por un lugar co que o suxeito mantén unha relación de procedencia (a saudade da patria indica, no suxeito, unha relación de pertenza). A propiedade, que non posesión, da terra, apunta a un vínculo material, non persoal, co espazo xeográfico. Desterro (pp. 154-157), emigración (pp. 157-160), estrañamento (pp. 160-163), son vieiros ou situacións na/da soidade-saudade que poden fornecer unha progresiva consciencia de si transformada, mellor dito, transformándose, en vontade de seu.

Por último, a modo de conclusión, a saudade sen fin (pp. 164-166) mostra en abano unha enumeración razoada de varios rexistros, entrelazados, mesmo encrucillados. Primeiro, saudade dos/nos suxeitos saudosos (homes, mulleres, excepcionalmente a natureza) que devenen por outros

suxeitos (individuais, colectivos, singulares, existentes, de si, de outros). Segundo, saudades combinadas entre si (saudade da patria, da existencia, do amor, da terra) que dan o relevo a outras posibles derivacións (da saudade da patria séguese a saudade da liberdade, o gozo na capacidade de acción; da saudade da existencia derívanse as saudades do pasado, futuro, nada, ser; da/na saudade do amor xermolan as experiencias de disociación e asociación, xa que logo da/na soidade e sociedade, e, tamén, quizais, da/na natureza alén do humano). Desde o punto de vista da filosofía moral, a saudade aparece como unha experiencia construtiva da soidade e da sociedade, cuxa función é revertir unha situación negativa e invitar a unha posición positiva. Soto remata o capítulo condensando a súa investigación nun filosofema: “No movemento incesante, no ir e vir, da soidade á sociedade, o vértice é a soidade e o horizonte é a sociedade. E o que está en xogo é ser” (p. 166).

O capítulo 4 “Galiza: nomes... (mulleres, homes)” (167-225) estuda con detalle a presenza e ausencia, aparicións e desaparicións, referentes e sentidos, presentacións e representacións, de Galiza: nome propio (Galicia), metáforas (Brigandsia, Finián, Suevia, Erín, Mesenia, os celtas, xente de Breogán, patria, terra) (pp. 177-204); metonimias (Bergantiños, Xallas, os castros, os bardos) (pp. 205-222); sinécdoques (piñeiros, piñeirais) (pp. 222-225). Varias temáticas xorden ao seu fío: o nome como signo e síntoma da natureza e condición de Galiza (suxeito?; obxecto?); a relación dos galegos e galegas con Galiza (suxeito colectivo?; obxecto social?); o nome que os galegos dan a Galiza nesa relación e o grao de asunción do nome (esquecemento, ocultación, aceptación, comprensión, vindicación), o seu referente e sentido (singular, plural, universal). En palabras de Soto, “estes nomes van facendo aparecer —mostran, suscitan, esbozan— un suxeito en progresión, da auto-organización á sociedade organizada, identificábel con Galiza” (p. 224). Esta progresión na nominación aumenta a intensidade da consciencia e vontade, a auto-comprensión e auto-implicación, dos suxeitos que poden chegar a constituír “unha comunidade moral, exactamente, ao esta tomar conta de si, unha comunidade autónoma” (p. 225). Isto é, a outra face da servidume mostrada e denunciada en QP.

A conclusión “Outros e novos queixumes” (pp. 227-233) é un brillante exercicio de recapitulación, no que a innovación das indagacións filosóficas e a revalorización das temáticas de QP fican expresadas. Primeiro, a reconstrución das relacións sexuais e amorosas (na que se inventarian argumentos, consignan actos, identifican suxeitos), e o subliñado da perspectiva sexual naturalista e perspectiva consensual amorosa. Segundo, a representación

do orbe e orde relixiosos (no que o divino é desconstruído e reducido en termos cosmolóxicos, antropolóxicos, sociolóxicos), e a presentación dunha a-teoloxía metodolóxica e práctica. Terceiro, o exame polo miúdo (nos suxeitos, nos obxectos) das saudades (da patria, existencia, amor, terra) e os seus sentidos (afección, sentimento, mais, sobre todo, mensaxe, acto de comunicación e relación). Cuarto, o rexistro dos nomes de Galiza, nos que cabe apuntar, e tamén transitar, cara unha comunidade de entendemento, xerme dunha comunidade moral, ética e política.

A Bibliografía (pp. 235-240) fai expresas as obras, sobre todo filosóficas, mais non unicamente, empregadas por Soto en cada un dos capítulos. É unha sección útil porque non é una sinxela enumeración: as referencias dos libros acompañanse dun conxunto de breves comentarios que aclaran e xustifican a súa utilización. O Anexo (pp. 241-243) presenta a listaxe numerada dos títulos de cada un dos poemas de *Queixumes dos pinos* empregados polo autor na súa exposición interpretativa.

En suma, Soto demostra, con eficaz e sutil perspicacia, que a utilización da filosofía moral na análise literaria é produtiva, desde o punto de vista hermenéutico, e crítico-emancipadora, desde a perspectiva práctica. Mais, da lectura de *Outros e novos queixumes*, despréndese, ademais, que Soto vén de empregala por razóns adicionais. Primeira, reparar un esquecemento: o valor ético e político que aniña no poemario *Queixumes dos pinos*. Segundo, explicar porque debe lerse no século XXI: a actualidade dos seus referentes, sentidos, obxectos e suxeitos. Terceiro, construír unha comunidade (primeiro de lectores, despois cidadáns) entrevista, mais, aínda, por facer, con tres trazos salientables: deliberativa, crítica, liberta. A resolta aplicación que fai Soto da filosofía moral á experiencia estética de *Queixumes dos pinos* ten unha virtude: é capaz de mudar o mundo posible do lector actual de *Queixumes* en fenomenoloxía real da súa consciencia e vontade. Desta maneira, a partir deste itinerario, cruzando polas portas que Soto axuda franquear, quizais o noso lector é capaz de habilitarse progresivamente, aínda que devagar, para o gozo esperanzado, participativo, coa/nunha comunidade moral que chega a saber de si, entenderse a si e actuar para/con outros. Por outras palabras, cun dos seus nomes, Galiza.

Miguel Ángel Martínez Quintanar